



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 30 DE MAIO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 30 de maio de 2016

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:30 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTE: D. Andrés García Bastón.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 24 DE MAIO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 24 de maio de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A.1) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DE CARGA E DESCARGA EN RÚA BAIONA

Dáse conta de informe emitido o día 25.05.2016 pola Policía Local, referente a sinalización de carga e descarga en rúa Baiona, que é como segue:



Concello de Cangas

"Nº REX: 952/2016

ASUNTO: SINALIZACIÓN DE CARGA DE DESCARGA EN RÚA BAIONA

A Policía Local de Cangas, con relación ao escrito presentado por T.G.M. no que solicita sinalización de carga e descarga en rúa Baiona, á altura do número 22, infórmase o seguinte:

Na rúa en cuestión existen dúas zonas destinadas a carga e descarga, a primeira está á altura do supermercado 'Eroski', e a segunda á altura do nº 14 (cafetería 'Lombok').

Por parte da policía non existe inconveniente en aumentar unha zona nova para carga e descarga".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente, referente a sinalización de carga e descarga en rúa Baiona.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 26 DE MAIO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:



Concello de Cangas

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen



Concello de Cangas

na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a **SUSPENSIÓN INMEDIATA** das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.914.- A P.L.V., con enderezo en rúa Barcelona, nº 77-2ºJ-Vigo, para no lugar de Subida a Punta Couso, nº 119-Vilanova-O Hío (referencia catastral nº 002301800NG18C0001FE), en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 11 (SNUN), para reforma de vivenda unifamiliar de 98,50 m²., de planta baixa e ampliación de 16,89 m²., de planta baixa, 59,94 m²., de aproveitamento baixo cuberta e 109,52 m²., de terraza, de conformidade co proxecto básico da arquitecta M.T.F.I. de data abril de 2016, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que presente esta licenza.

Deberá presentar proxecto de execución visado polo colexio correspondente e oficio co nomeamento da dirección de execución das obras.

EXPEDIENTE Nº 20.497.- LICENZA MUNICIPAL Nº 20.105.- A C.J.F.R., para legalización de ampliación de vivenda no lugar Estrada Vilanova, nº 12-B-O Igrexario-O Hío, (referencia catastral nº 36008A016009600001KS), en solo de núcleo rural regulado pola Ordenanza 9 (URNU), de conformidade co proxecto do arquitecto, J.L.D.G. de data abril de 2016, documentación presentada en data 4 de maio de 2016.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 25.593.- A A.L.P., para picado, limpeza e encintado de fachadas de pedra de vivenda en Vilariño-Praia, nº 12-O Hío-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.893.- A C.C.F., para retirada de edificacións adxetivas en Baixada a Río Esteiro, nº 18-O Hío-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.895.- A E.G.P., para cerramento de parcela no lugar de Leirachán-As Gruncheiras-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.965.- A M.C.G.G., para cambio de material de cubrición en vivenda en rúa Cervantes, nº 8-Cangas.



Concello de Cangas

5º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO "PAVIMENTACIÓN VIAL ACCESO EXPLOTACIÓN EN ERBELLO-CONCELLO DE CANGAS"

Dáse conta de resolución de 12.05.2016 de concesión de axuda, por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para o proxecto "PAVIMENTACIÓN VIAL ACCESO EXPLOTACIÓN EN ERBELLO-CONCELLO DE CANGAS", por un importe total de sesenta e cinco mil setecentos catro euros con noventa e oito céntimos (65.704,98 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento e aceptar a concesión de axuda, por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para o proxecto "PAVIMENTACIÓN VIAL ACCESO EXPLOTACIÓN EN ERBELLO-CONCELLO DE CANGAS", por un importe total de sesenta e cinco mil setecentos catro euros con noventa e oito céntimos (65.704,98 €).

FACENDA

6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO
F.J.S.F. E I.L.V.	FIANZA	848,49 €	EXPEDIENTE Nº 21.222
R.G.B	FIANZA	565,02 €	EXPEDIENTE Nº 24.677
M.A.C	FIANZA	1.016,62 €	EXPEDIENTE Nº 23.745



Concello de Cangas

6.B) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes desfavorables da Tesourería Municipal, acorda denegar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO
M.R.C.O.	FIANZA	3.290,87 €	EXPEDIENTE Nº 21.819

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

7.A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA RECAÍDA EN RECURSO DE APELACIÓN Nº 72/2016

Dáse conta de Sentenza nº 304/2016 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación nº 72/2016, promovido por "ZURICH ESPAÑA, SA".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº304/2016 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación nº 72/2016 promovido por "ZURICH ESPAÑA, SA".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Tesourería e Intervención.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 27.05.2016, relativa a concesión de axudas económicas de emerxencia social, que di:



Concello de Cangas

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E.G.G., xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo, (Pontevedra).

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

****Concesión de axuda económica** de oitocentos euros (800,00 €) a M.M.C. M."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

9º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE MOCIDADE E VOLUNTARIADO S/SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL-2016

Vista a proposta de data 26.05.2016 da Concellería de Mocidade e Voluntariado, referente a solicitude de axuda á Consellería de Política Social para a promoción da información xuvenil-2016, que é como segue:

"SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL-2016

Publicada pola Consellería de Política Social a Orde do 21 de abril de 2016, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude, no ámbito de educación non formal e da participación durante o ano 2016 e se procede á súa convocatoria.

Creada desde o ano 1989 a Oficina Municipal de Información Xuvenil e que na actualidade está situada na Casa da Xuventude, con horario semanal de atención ao público de luns a venres, mañá e tarde, atendendo as demandas do colectivo xuvenil e cunha ampla programación anual de actividades dirixidas á mocidade.

Cumprindo cos requisitos da orde e vistas as necesidades, redáctase pola técnica de xuventude, memoria de actividades dirixidas á xuventude por un importe total de oito mil cento cincuenta euros (8.150,00 €).



Concello de Cangas

Visto o informe sobre a existencia de crédito para facer fronte ao financiamento que debe asumir o Concello e reunindo todas as demais condicións que na orde se especifican, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de tres mil (3.000,00 €) para desenvolver as seguintes actividades:

Denominación da actividade	Importe
<i>Funcionamento do Servizo de Información xuvenil.- Atención ao público</i>	<i>1.500,00</i>
<i>Certames</i>	<i>1.450,00</i>
<i>Campamentos de verán</i>	<i>4.000,00</i>
<i>Exposición de xoves artistas</i>	<i>500,00</i>
<i>Información e intermediación laboral na área do tempo libre</i>	<i>700,00</i>

Segundo.- Declarar que non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención para as actividades que se solicitan”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente referente a solicitude de axuda á Consellería de Política Social para a promoción da información xuvenil-2016.

CONTRATACIÓN

10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS PARA O CONCELLO DE CANGAS

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 18.05.2016, referente ao inicio do expediente de contratación do servizo de mediación de seguros privados para o Concello de Cangas, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS PARA O CONCELLO DE CANGAS

Visto o documento formalizador do contrato de prestación do servizo de mediación de seguros privados no ámbito da Administración do Concello de Cangas asinado o día 02.08.2012 entre esta entidade local e a UTE 'WILLIS-BBVA BROKER'.



Concello de Cangas

Vista a cláusula terceira do dito contrato referida á duración deste e a cláusula cuarta do PCAP relativa ao prazo de execución segundo a cal: 'o prazo de execución do apartado I será de un mes e o do apartado II de dous (2) anos, a contar dende o día seguinte á formalización do contrato, podendo ser prorrogado, anualmente por un período máximo doutros dous anos (...)'".

Tendo en conta que o referido contrato remata o vindeiro 02.08.2016, sen posibilidade de ser prorrogado e que este Concello precisa seguir contando co servizo de mediación de seguros.

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación para a adxudicación do servizo de mediación de seguros privados no ámbito da administración do Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Que a Secretaría Xeral emita informe sobre a lexislación e procedemento aplicables.

TERCEIRO.- Que por Intervención se emita informe sobre a existencia de crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que supón a realización deste contrato e sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

CUARTO.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Secretaría e Intervención".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente referente ao inicio do expediente de contratación do servizo de mediación de seguros privados para o Concello de Cangas.

11º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 26.05.2016, referente a prórroga do contrato de servizo de mantemento de ascensores, que di o seguinte:



Concello de Cangas

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á PRORROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES

Visto o contrato de servizo de mantemento dos ascensores instalados en distintas dependencias municipais formalizado o día 12.06.2013 entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria ORONA, Sociedad Cooperativa.

Visto que o contrato subscribiuse por unha duración inicial de 2 anos, susceptible de dúas prórrogas de carácter anual e que o artigo 23.2 do TRLCSP dispón que: 'a prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, agás que o contrato expresamente prevexa o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes'.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local, proponho a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prorrogar por unha anualidade máis, desde o día 12.06.2016 ata o 11.06.2017, o contrato de servizo de mantemento de ascensores formalizado entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria ORONA, Sociedad Cooperativa.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado deste aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente referente a prórroga do contrato de servizo de mantemento de ascensores.

PERSOAL

12º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE PERSOAL S/APROBACIÓN DA RELACIÓN DE VACACIÓNS DO PERSOAL DO CONCELLO DE CANGAS PARA O ANO 2016

Presentadas as solicitudes de VACACIÓNS/2016, formuladas por todo o persoal municipal, propónse a Xunta de Goberno local a aprobación do seguinte CADRO DE VACACIÓNS ANO 2016:



Concello de Cangas

"CADRO DE VACACIÓNS PERSOAL CONCELLO DE CANGAS ANO 2016	
<u>CASA CONCELLO - OFICINAS</u>	
<u>SECRETARÍA</u>	
B.A.S.	24 pendentas
M.C.B.S.	20/06 ó 01/07 01/09 ó 23/09 (2 días pendentas)
M.C.G.M.	04/07 ó 21/07 10/10 ó 27/10
T.F.A.	16/08/2016 ó 06/09/2016 (12 días pendentas)
<u>APOIO XURÍDICO-SECRETARÍA</u>	
L.M.D.	01/08 ó 05/09
P.P.P.	08/09 ó 11/10
<u>NEGOCIADO DE PERSOAL</u>	
M.S.S.	04/07 ó 10/08
<u>GABINETE DE ALCALDÍA</u>	
P.C.C.	16/05 ó 27/05 (20 días pendentas)
<u>ESTATÍSTICA</u>	
J.G.G.	29/06 ó 31/07 // 01/12 ó 09/12
J.C.V.M.	01/08 ó 08/09
<u>ARQUIVO</u>	
J.L.I.	16/08 ó 23/09
<u>INTERVENCIÓN</u>	
M.Y.E.C.	13/06 ó 20/06 // 16/08 ó 05/09 20/09 ó 28/09
R.S.G.	27/06 ó 31/07 // 29/09 ó 03/10
J.L.T.S.	01/08 ó 15/08 // 06/09 ó 16/09 01/06 ó 10/06 (1 día pendente)
<u>TAXAS</u>	
R.B.M.	01/07 ó 10/08 (1 día pendente)
J.L.M.	19/07 ó 26/07 // 03/10 ó 31/10// resto pendentas (2 días pendentas)
M.J.M.S	27/07 ó 02/09 // resto pendentas (1 día)



Concello de Cangas

<u>TESOURERÍA</u>	
O.G.C.	01/08 ó 18/08 // 26/12 ó 30/12 (6 días pendentes)
M.C.R.S.	1/07 ó 18/07 // 01/09 ó 16/09 (4 días pendentes)
M.C.S.F.	22/08 ó 31/08 09/01/17 ó 13/01/2017 (15 días pendentes)
<u>URBANISMO</u>	
M.R.G.	26/07 ó 29/07 // 31/10 ó 14/11 // 26/12 ó 30/12 (6 días pendentes)
A.L.P.	21/03 ó 23/03 // 4,5,6,7,8,11 de abril 20/05 ó 01/06 // 10/08 ó 17/08
A.G.I.	20/07 ó 16/08 // 10/10 ó 14/10 // 02/11 ó 04/11
A.F.F.	20/06 ó 15/07 // 03/10 ó 07/10
J.M.P.P.	02/08 ó 09/09
F.R.P.	20/06 ó 29/07
T.C.R.	20/06 ó 28/06 // 01/08 ó 31/08
M.I.M.F.	13/07 ó 29/07 // 17/08 ó 02/09
M.A.F.L.	01/07 ó 29/07 // 09/09 ó 14/09
<u>REXISTRO</u>	
M.G.P.	01/08 ó 05/09 (4 días pendentes)
L.F.L.	27/06 ó 31/07 12/09 ó 15/09
<u>NOTIFICADORES</u>	
A.C.B.	20/06 ó 29/07
<u>OFICINA TÉCNICA</u>	
J.R.M.	15/08 Ó 02/09 (14 días pendentes)
C.G.C.	06/06 ó 23/06 // 19/09 ó 30/09 (3 días pendentes)
<u>MEDIO AMBIENTE</u>	
<u>BRIGADA DE OBRAS</u>	
J.J.R.	09/08 ó 31/08 // 01/09 ó 16/09
V.P.G.	01/07 ó 21/07 // 01/09 ó 16/09
M.A.V.R.	01/08 ó 31/08 // 01/09 ó 08/09



Concello de Cangas

J.R.R.M.	19/07 ó 29/07 // 05/12 ó 30/12
J.S.F.	20/06 ó 30/06 // 01/07 ó 15/07 // 03/10 ó 14/10
J.A.A.A.	22/09 ó 30/09 // 03/10 ó 31/10
R.P.R.	24/08 ó 31/08 // 01/09 ó 30/09
C.M.G.	21/06 ó 30/06 // 01/07 ó 29/07
J.L.S.M.	21/06 ó 30/06 // 01/07 ó 29/07
J.M.M.S.	01/08 ó 31/08 // 01/09 ó 08/09
R.R.G.	16/08 ó 31/08 // 01/09 ó 22/09
R.G.D.	01/09 ó 30/09 // 03/10 ó 07/10
A.F.P.	13/08 ó 31/08 // 01/09 ó 22/09
E.L.S.	12/09 ó 30/09 // 03/10 ó 14/10
T.G.R.	16/08 ó 31/08 // 01/09 ó 23/09
A.H.D.	30/08 ó 31/08 // 01/09 ó 30/09 // 03/10 ó 06/10
M.M.F.	12/08 ó 22/08 // 12/09 ó 19/09 // 03/10 ó 14/10 // 02/11 ó 10/11
<u>BRIGADA ELECTRICISTAS</u>	
A.S.M.	01 ó 15/07 // 05/09 ó 16/09 (7 días pendentes)
J.M.C.F.	18/07 ó 12/08 (8 días pendentes)
C.B.M.	16/08 ó 02/09 // 10/10 ó 21/10 (6 días pendentes)
<u>EMERXENCIAS-PROTECCIÓN CIVIL</u>	
J.F.A.	16/07 ó 30/07 //01/09 ó 15/09 (5 días pendentes)
S.L.S.	16/06 ó 30/06//16/09 ó 30/09 (4 días pendentes)
P.C.R.	01/07 ó 15/07//16/10 ó 30/10 (3 días pendentes)
J.L.C.O.	01/010 ó 15/10//17/08 ó 31/08 (3 días pendentes)
C.C.P.	02/08 ó 16/08 // 01/06 ó 15/06 (5 días pendentes)
<u>SEPULTUREIROS</u>	
A.B.S.	01/08 Ó 31/08
F.F.R.	01/09 ó 07/10
<u>LIMPEZA VIARIA</u>	
E.S.F.	01/06 ó 20/06 // 01/07 ó 19/07
M.R.C.	06/10 ó 24/10 (12 días pendentes)
A.J.M.G.	15/06 ó 23/06 // 08/07 ó 18/07 // 13/10 ó 28/10
J.L.M.P.	01/09 ó 06/10 (1 día pendente)
M.F.A.	01/09 ó 06/10 (1 día pendente)



Concello de Cangas

<i>M.A.R.C.</i>	<i>01/08 ó 07/09 (1 día pendente)</i>
<i>B.F.A.</i>	<i>02/11 ó 14/12</i>
<i>CASA DA CULTURA</i>	
<i>P.R.G.</i>	<i>26/07 ó 26/08 (1 día pendente)</i>
<i>M.F.S.</i>	<i>19/09 ó 26/10</i>
<i>F.C.</i>	<i>15/06 ó 22/07</i>
<i>BIBLIOTECAS PARROQUIAIS</i>	
<i>M.I.C.S.</i>	<i>11/07 ó 29/07 // 23/08 ó 02/09 (1 día pendente)</i>
<i>M.I.R.M.</i>	<i>26/07 ó 12/08 // 02/11 ó 11/11 (2 días pendentes)</i>
<i>A.M.G.</i>	<i>(24 días pendentes)</i>
<i>E.M.G.F.</i>	<i>22/07 ó 24/08 (3 días pendentes)</i>
<i>UAD</i>	
<i>M.P.F.</i>	<i>26/07 ó 30/08</i>
	<i>16/05 ó 03/06</i>
<i>A.F.V.</i>	<i>01/08 ó 12/08 (2 días pendentes)</i>
	<i>09/05 ó 16/05 // 08/06 ó 15/06</i>
<i>E.A.S.M.</i>	<i>18/07 ó 29/07 // 16/12 ó 23/12 (2 días pendentes)</i>
	<i>08/08 ó 26/08 (11 días pendentes)</i>
<i>M.G.M.</i>	
<i>B.C.B.</i>	<i>30/08 ó 30/09</i>
<i>M.C.C.</i>	<i>11/07 ó 18/08</i>
	<i>11/07 ó 24/07 // 30/08 ó 20/09 (1 día pendente)</i>
<i>E.T.G.</i>	
<i>A.C.I.</i>	<i>13/06 ó 23/06 // 08/09 ó 29/09</i>
<i>M.P.C.</i>	<i>18/07 ó 05/08 // 30/08 ó 16/09</i>
<i>CMBS</i>	
	<i>6/09 ó 19/09 // 13/10 ó 25/10 //</i>
<i>E.G.G.</i>	<i>21/11 ó 30/11</i>
<i>I.C.G.P.</i>	<i>22/06 ó 29/07 (1 día pendente)</i>
<i>R.C.A.</i>	<i>01/08 ó 05/09</i>
<i>I.P.P.</i>	<i>24 días pendentes</i>
<i>R.L.D.</i>	<i>01/09 ó 30/09 (5 días pendentes)</i>
<i>E.S.P.</i>	<i>26/07 ó 31/08</i>
<i>P.T.G.</i>	<i>11/07 ó 22/07 // 02/09 ó 21/09</i>
	<i>06/06 ó 27/06 // 03/10 ó 11/10</i>
<i>M.R.C.</i>	<i>27/10 ó 28/10</i>
<i>E.B.P.</i>	<i>24 pendentes</i>
<i>S.S.S.</i>	<i>11/07 ó 31/07 // 16/08 30/08</i>



Concello de Cangas

<u>AXENCIA DESENVOLVEMENTO LOCAL</u>	
C.F.D.	01/07 ó 15/07 01/09 ó 15/09 (3 días pendentes)
<u>XUVENTUDE E VOLUNTARIADO</u>	
M.L.N.	01/09 ó 19/09 // 02/11 ó 18/11
M.M.N.V.	20/06 ó 08/07 // 01/08 ó 12/08
A.M.B.A.	06/06 ó 21/06 // 07/09 ó 22/09
R.M.C.	27/06 ó 15/07 /// 16/08 ó 01/09
<u>ESCOLA MÚSICA E CONSERVATORIO</u>	
M.J.T.E.	20/07 ó 31/08
A.G.A.	21/07 ó 31/08
F.J.P.F.	01/08 ó 08/09
M.E.M.M.	26/07 ó 02/09
J.R.C.	28/07 ó 31/08
<u>AUDITORIO MUNICIPAL</u>	
J.J.P.E.	26/07 ó 02/09
A.O.M.	15/07 ó 19/08
F.A.M.	20/08 ó 23/09
<u>TURISMO</u>	
C.P.M.	09/05 ó 18/05 // 26/09 ó 29/09 22/12 ó 05/01/2017
<u>FUNDACIÓN DEPORTIVA</u>	
J.R.R.A.	20/06 ó 30/06 // 01/09 ó 27/09 (1 día pendente)
M.T.G.	13/06 ó 17/06 // 02/11 ó 28/11
<u>OPERARIOS SERVIZOS MÚLTIPLES</u>	
J.M.H.	15/06 ó 01/07// 16/12 ó 30/12 (1 día pendente)
A.S.A.	15/07 ó 29/07 // 10/10 ó 28/10
<u>CONSERXES</u>	
<u>CONCELLO</u>	
E.G.F.	16/08 Ó 16/09 (4 días pendentes)
J.D.P.	Baixa laboral 28 días pendentes
<u>CENTRO SOCIAL</u>	
A.P.C.	01/08 ó 05/09
I.G.M.	04/07 ó 29/07 // 06/09 ó 14/09
<u>PRAZA DE ABASTOS</u>	
J.C.C.G.	04/07 ó 10/08



Concello de Cangas

<u>CEIP A RÚA</u>	
F.V.F.P.	26/07 ó 31/08 (2 días pendentes)
<u>CEIP NAZARETH</u>	
J.A.S.M.	01/07 ó 10/08
A.B.G.	26/07 ó 29/08 (4 días pendentes)
<u>CEIP SAN ROQUE</u>	
P.F.F.	01/07 ó 09/08
S.R.S.	15/02 ó 29/02 (13 días pendentes)
<u>CEIP CASTRILLÓN</u>	
G.C.G.	11/07 ó 18/08
<u>CEIP ESPÍNEIRA</u>	
V.C.G.	15/7 ó 25/8
<u>CEIP HÍO</u>	
J.J.P.A.	04/08 ó 31/08 (9 días pendentes)
<u>LIMPADORAS</u>	
<u>CASA OFICIOS, ADULTOS, XUVENTUDE</u>	
<u>UAD, CASA DA CULTURA</u>	
M.L.B.C.	01/07 ó 09/08 //
<u>CEIP O HÍO</u>	
D.V.O.	15/07 ó 23/08
<u>CEIP SAN ROQUE</u>	
P.R.G.	27 días pendentes (baixa laboral)
<u>CIEP ESPÍNEIRA</u>	
M.P.P.	01/07 ó 09/08
<u>CIEP NAZARETH</u>	
A.M.B.G.	26/07 ó 29/08 (2 días pendentes)
<u>CEIP CASTRILLÓN</u>	
C.C.M.	01/08 ó 07/09 (1 día pendente)
<u>POLICIA LOCAL</u>	
A.A.B.	09/05 ó 11/05 // 13/05 ó 30/05 01/08 ó 21/08 (14 días pendentes)
J.L.B.R.	08/08 ó 01/09 // 31/10 ó 24/11 (6 días)



Concello de Cangas

	<i>pendentes)</i>
<i>C.M.M.</i>	<i>30/05 ó 24/06 // 25/07 ó 19/08 (3 días pendentes)</i>
<i>M.A.P.</i>	<i>27/06 ó 21/07 // 22/08 ó 15/09 (5 días pendentes)</i>
<i>D.V.P.</i>	<i>11/07 ó 04/08 // 05/09 ó 29/10 (2 días pendentes)</i>
<i>A.G.G.</i>	<i>13/06 ó 07/07 //03/10 ó 27/10 (2 días pendentes)</i>
<i>J.V.C.</i>	<i>06/06 ó 30/06 // 01/09 ó 25/09 (5 días pendentes)</i>
<i>R.P.G.</i>	<i>09/05 ó 02/06 // 26/09 ó 20/10 (6 días pendentes)</i>
<i>X.M.A.C.</i>	<i>04/07/ ó 28/07 //29/08 ó 22/09 (6 días pendentes)</i>
<i>F.S.G.</i>	<i>pendente xubilación</i>
<i>E.R.B.</i>	<i>04/07 ó 28/07 // 26/09 ó 20/10 (3 días pendentes)</i>
<i>L.C.V.</i>	<i>06/06 ó 30/06 // 01/08 ó 25/08 (2 días pendentes)</i>
<i>V.M.P.H.</i>	<i>07/03 ó 31/03 // 08/08 ó 01/09 (6 días pendentes)</i>
<i>J.L.D.P</i>	<i>07/03 ó 21/04 // 11/07 ó 04/08 (6 días pendentes)</i>
<i>E.L.S.</i>	<i>20/06 ó 14/07 // 12/09 ó 06/10 (5 días pendentes)</i>
<i>J.C.R.F.</i>	<i>28/03 ó 21/04 // 18/07 ó 11/08 (5 días pendentes)</i>
<i>R.G.B.</i>	<i>09/05 ó 02/06 // 15/08 ó 08/09 (6 días pendentes)</i>
<i>M.L.G.G.</i>	<i>21/07 ó 19/08 // 12/09 ó 19/09 (5 días pendentes)</i>
<i>J.C.P.</i>	<i>30/05 ó 23/06 // 15/08 ó 08/09 (2 días pendentes)</i>
<i>A.M.F.</i>	<i>01/08 ó 19/08 // 02/11 ó 21/11 (6 días pendentes)</i>
<i>X.M.B.</i>	<i>28/08 ó 22/09 // 24/10 ó 17/11</i>
<u>SERVIZO DE GUINDASTRE</u>	
<i>A.A.P.</i>	<i>(27 días pendentes)</i>
<i>B.B.M.</i>	<i>(24 días pendentes)".</i>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o cadro de vacacións do persoal do Concello de Cangas para o ano 2016.



Concello de Cangas

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE PAIS MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS DO MORRAZO (ASPAMSIM) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERESE PÚBLICO E SOCIAL

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 30.05.2016, referente a concesión de subvención á ASOCIACIÓN DE PAIS MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS DO MORRAZO (ASPAMSIM), para o desenvolvemento de actividades de interese público e social, que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que dentro das competencias que ten atribuídas o Concello pola lexislación vixente, de conformidade co disposto no artigo 25 .2 letras e) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atópase a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Visto ademais que, de conformidade co artigo 25.1 do mesmo texto legal, os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Visto que a Asociación de pais de minusválidos psíquicos do Morrazo (ASPAMSIM) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por obxecto a normalización das persoas con discapacidade, potenciando as súas capacidades persoais e satisfacendo as necesidades deste colectivo e desenvolvendo un labor que ten unha relevante repercusión nun ámbito importante da veciñanza da vila, sendo unha labor de interese público e social, polo que o Concello está interesado en promover e apoiar a realización destas actividades sufragando parte dos gastos que implica a realización destas.

Visto que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei



Concello de Cangas

9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Visto que con data 10 de maio de 2016 foi realizada polo interventor a retención de crédito oportuna con cargo á partida orzamentaria 231.48.01.

Examinada a documentación que a achega, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Outorgar a cantidade de oito mil euros (8.000,00 €) á Asociación de pais de minusválidos psíquicos do Morrazo (ASPAMSIM) para o desenvolvemento das actividades de interese público e social, con cargo á partida 231.48.01 do orzamento municipal para o exercicio de 2016 e formalizala no correspondente convenio, no que se detallen as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala.

SEGUNDO.- Proceder á autorización e disposición do gasto e anticipar o pago por un importe de un total de seis mil catrocentos euros (6.400,00 €).

TERCEIRO.- Notificar aos interesados e requiririlles para a sinatura do convenio”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente referente a concesión de subvención á ASOCIACIÓN DE PAIS MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS DO MORRAZO.

B) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA A SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO DE CASTELAO, AVENIDA DE EUGENIO SEQUEIROS E AVENIDA DE MONTERO RÍOS

Dáse conta de proposta da Alcaldía de data 20.05.2016, referente a aprobación do expediente de contratación da subministración de material para a substitución de luminarias no Paseo de Castelao, Avenida de Eugenio Sequeiros e Avenida de Montero Ríos, que é como segue:



Concello de Cangas

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA A SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO DE CASTELAO, AVENIDA DE EUGENIO SEQUEIROS E AVENIDA DE MONTERO RÍOS

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 09.05.2016, polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de subministración de material para a substitución de luminarias en varias rúas do Concello de Cangas.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación e que por Secretaría e Intervención se emitiron os informes preceptivos sobre a lexislación e procedemento aplicables e sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA A SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO DE CASTELAO, AVENIDA DE EUGENIO SEQUEIROS E AVENIDA DE MONTERO RÍOS, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 165.639 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención".



Concello de Cangas

A N E X O I:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA A SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO DE CASTELAO, AVENIDA DE EUGENIO SEQUEIROS E AVENIDA DE MONTERO RÍOS

I.- ELEMENTOS XERAIS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1ª.- Obxecto, cualificación do contrato e réxime xurídico

CLÁUSULA 2ª.- Prazo de execución

2.1.- Prazo

2.2.- Incumprimento do prazo

CLÁUSULA 3ª.- Valor estimado, tipo de licitación, prezo do contrato e revisión de prezos

3.1.- Valor estimado

3.2.- Tipo de licitación

3.3.- Prezo do contrato

3.4.- Revisión de prezos

CLÁUSULA 4ª.- Financiamento do contrato e existencia de crédito

CLÁUSULA 5ª.- Órgano de contratación. Prerrogativas

CLÁUSULA 6ª.- Garantías

CLÁUSULA 7ª.- Capacidade para contratar

CLÁUSULA 8ª.- Solvencia económica e financeira e Solvencia técnica requiridas

CLÁUSULA 9ª.- Perfil de contratante e consulta do expediente

II.- PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 10ª.- Procedemento de adxudicación

CLÁUSULA 11ª.- Prazo, Lugar e Forma de Presentación de ofertas

CLÁUSULA 12ª.- Criterios de adxudicación

CLÁUSULA 13ª.- Mesa de contratación

CLÁUSULA 14ª.- Cualificación da documentación xeral e apertura de ofertas

CLÁUSULA 15ª.- Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados

CLÁUSULA 16ª.- Criterios para resolver eventuais empates

CLÁUSULA 17ª.- Requirimento previo á adxudicación do contrato



Concello de Cangas

CLÁUSULA 18ª.- Adxudicación e formalización

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 19ª.- Execución e responsabilidade do contratista

CLÁUSULA 20ª.- Pago do prezo

CLÁUSULA 21ª.- Obrigas e deberes do adxudicatario

CLÁUSULA 22ª.- Modificación do contrato

CLÁUSULA 23ª.- Cesión do contrato e subcontratación

CLÁUSULA 24ª.- Sucesión na persoa do contratista

CLÁUSULA 25ª.- Resolución do contrato

CLÁUSULA 26ª.- Prazo de garantía e liquidación do contrato.

IV.- OUTRAS DISPOSICIÓNS

CLÁUSULA 27ª.- Gastos esixibles

CLÁUSULA 28ª.- Responsable do contrato

CLÁUSULA 29ª.- Xurisdición competente

ANEXOS

I.- Modelo de declaración responsable

II.- Modelo de oferta económica

III.- Modelo de aval

IV.- Cadro de características do contrato

I.- ELEMENTOS XERAIS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO, CUALIFICACIÓN DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO

1.1.- É obxecto deste contrato a subministración do material necesario para a substitución de luminarias nas seguintes rúas do Concello de Cangas: Paseo de Castelao, Avenida de Eugenio Sequeiros e Avenida de Montero Ríos. A descrición do material e unidades a subministrar así como as condicións de execución da subministración constan no Prego de Prescricións Técnicas (en adiante PPT).

***1.2.-** Atendendo á natureza da prestación obxecto deste contrato, este ten a consideración de contrato administrativo de subministración de conformidade co disposto nos artigos 9 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP).*



Concello de Cangas

1.3.- A este contrato lle corresponden o seguinte epígrafe do Vocabulario Común de Contratos aprobado polo Regulamento nº 213/2008 da Comisión das Comunidades Europeas (CPV):

✓ 34928530-2 → lámpadas de alumado público

1.4.- Necesidades administrativas a satisfacer:

Coa celebración deste contrato preténdese reducir custes así como conseguir un uso racional e eficiente da enerxía consumida no alumado público, reducir as emisións de CO₂ á atmosfera e adaptar as ditas instalacións ás prescricións técnicas esixidas na normativa vixente.

1.5.- O presente contrato rexerese polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no de Prescricións Técnicas, que revestirán carácter contractual. O contrato que se asine axustarase ó contido deste prego cuxas cláusulas considéranse parte integrante do mesmo. No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

1.6.- Terán carácter contractual o presente prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), o prego de prescricións técnicas (PPT), a oferta do adxudicatario, así como o documento no que se formalice o contrato.

No non previsto neste prego, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP)
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.
- Lexislación específica en materia de eficiencia enerxética, luminarias, etc.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.

CLÁUSULA 2ª.- PRAZO DE EXECUCIÓN

2.1.- Duración:

Establécese un prazo de entrega de 40 días naturais contados dende o seguinte á formalización do contrato. Os licitadores poderán ofertar un prazo de entrega inferior.

2.2.- Incumprimento do prazo:

De acordo co artigo 212.4-TRLCSP, cando o contratista por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto do prazo de entrega, o Concello de Cangas poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, por cada día de demora no cumprimento do prazo fixado ou aquel ao que se comprometera na súa oferta.

Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación quedará facultado para resolver o contrato ou acordar a continuidade do mesmo con imposición de novas penalidades.



Concello de Cangas

As penalidades impóranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato ou do Alcalde. O acordo será inmediatamente executivo. As penalidades faranse efectivas mediante a dedución nas facturas das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial deban pagarse ao contratista, ou sobre a garantía constituída cando non poda deducirse das citadas facturas.

CLÁUSULA 3ª.- VALOR ESTIMADO, TIPO DE LICITACIÓN, PREZO DO CONTRATO E REVISIÓN DE PREZOS

3.1.- VALOR ESTIMADO: de conformidade co establecido no artigo 88-TRLCSLP o valor estimado do contrato, excluído o IVE, ascende á cantidade de 41.318,56 €.

3.2.- TIPO DE LICITACIÓN: o tipo de licitación deste contrato, mellorable á baixa polos licitadores, é a seguinte:

- *Importe sen IVE..... 41.318,62 €*
- *IVE (21%).....8.676,91 €*
- *Total.....49.995,53 €*

3.3.- PREZO DO CONTRATO

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación de acordo coa oferta do adxudicatario na que deberá reflectirse o importe correspondente ó IVE como partida independente.

O prezo referido inclúe todos os gastos que deban realizar para o normal cumprimento das prestacións contratadas como son os xerais, financeiros, seguros, materiais e útiles necesarios para a realización da subministración, equipamento, desprazamentos e todos os gastos relativos ao persoal contratado para a prestación do mesmo, axudas, suplidos en honorarios do persoal técnico ó seu cargo, asistencia a reunións, visitas ós centros de traballo, taxas, impostos e toda clase de descontos, sen que polo tanto poidan ser repercutidos como partidas independentes do prezo de adxudicación de tal xeito que o Concello non pagará baixo ningún concepto cantidade algunha superior á que resulte da adxudicación.

3.4.- REVISIÓN DE PREZOS

Durante o prazo de execución deste contrato non poderán revisarse os prezos resultantes da adxudicación, conforme á nova redacción dada ó artigo 89-TRLCSLP pola Lei 2/2015 do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

CLÁUSULA 4ª.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E EXISTENCIA DE CRÉDITO

Esta contrato finánciase con cargo á subvención concedida pola Deputación Provincial mediante Resolución Presidencial de data 20.04.2016, ó abeiro do "Plan de Concellos 2016", cuxas bases foron aprobadas por acordo plenario de 27/11/2015 e publicadas no BOPPO nº 233 do 2.12.2015.

Respecto da existencia de crédito municipal, as obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 165.639, segundo se fai constar no documento de retención de crédito estendido pola intervención municipal en data 4.05.2016 (Nº asentamento: 006228).

CLÁUSULA 5ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN. PRERROGATIVAS

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Cangas é a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades que lle foron conferidas mediante Resolución da Alcaldía de data 2.07.2015.



Concello de Cangas

Este órgano ten facultade para adjudicar o correspondente contrato e en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que xurdan na súa execución, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta con suxeición á normativa aplicable. Os acordos, previo informe xurídico que a este respecto se emita, serán inmediatamente executivos sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente. Nos procedementos que se instrúan para a adopción dos acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato deberá darse audiencia ao contratista.

CLÁUSULA 6ª.- GARANTÍAS

- *Provisional: non se esixe*
- *Definitiva: 5% do prezo do contrato (IVE excluído) ARTIGO 95.1-TRLCS*

O órgano de contratación requirirá á empresa licitadora que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivese recibido o requirimento, constituía garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do importe de adjudicación (IVE excluído), de acordo co artigo 151.2 - TRLCS. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a entidade licitadora retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse en efectivo ou en valores de débeda pública, mediante aval ou mediante contrato de seguro de caución, de acordo co disposto no artigo 96 - TRLCS e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP.

En canto ao réxime de constitución, reposición reaxuste de garantías, responsabilidades a que están afectas e preferencia na execución das mesmas estarase ao dispostos nos artigos 99, 100 e 101 do TRLCS.

CLÁUSULA 7ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, que non se atopen incursas en prohibición de contratar (art. 60-TRLCS), e que ademais acrediten a súa solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional.

CLÁUSULA 8ª.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA REQUIRIDAS

8.1.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:

Deberase acreditar un volume anual de negocios referido ao ano de maior volume de negocio dos 3 últimos exercicios concluídos por un importe mínimo dunha vez e media o valor estimado do contrato. O cumprimento do requisito de solvencia económica poderase acreditar coa seguinte documentación:

1. No caso de **entidades con personalidade xurídica propia** (sociedades mercantís):
 - 1.1. *Contas anuais dos 3 últimos anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda, e/ou os modelos 200 (Declaración-liquidación do Imposto sobre Sociedades) dos 3 últimos anos.*



Concello de Cangas

2. No caso de titulares de actividades económicas no ámbito do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF):

2.1. Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa normal ou simplificada:

2.1.1. Libro rexistro de vendas e ingresos dos 3 últimos anos (debendo estar debidamente legalizados para aqueles que teñan a dita obriga).

2.1.2. Modelo 390 (declaración resumo anual IVE) dos 3 últimos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do IRPF) dos 3 últimos anos.

2.2. Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación obxectiva:

2.2.1. Libro rexistro de vendas e ingresos dos 3 últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución do IRPF) dos últimos 3 anos.

2.2.2. Declaración responsable asinada polo representante legal da empresa que acredite que o libro rexistro de vendas e ingresos reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa. No caso de non dispoñer do libro rexistro de vendas e ingresos, a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa.

8.2.- SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL:

Establécese como requisito mínimo de solvencia técnica a acreditación de ter executado subministracións nos últimos 5 anos por valor igual ou superior ao orzamento deste contrato. Para acreditar a solvencia técnica o licitador deberá achegar os seguintes documentos:

- *Relación das principais subministracións ou traballos realizados no curso dos últimos 5 anos relacionados co obxecto do contrato avalada por certificados de boa execución que indicarán o importe, as datas e o destinatario, público ou privado, e precisarase si foron realizados segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo. Estes certificados serán expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público en cuxo caso serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.*

CLÁUSULA 9ª.- PERFIL DE CONTRATANTE E CONSULTA DO EXPEDIENTE

9.1.- *Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, en cumprimento do disposto no artigo 334-TRLCSP e na Disposición Adicional Terceira da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, dende o 1.04.2016 o Concello de Cangas publica todo o relativo aos seus procedementos de contratación (noticias, avisos, documentación, etc.) no perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) á que tamén se pode acceder desde a web municipal www.cangas.gal.*

9.2.- *O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o prego de prescricións técnicas (PPT), xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán a disposición dos licitadores na Secretaría Xeral do Concello de Cangas (oficina Apoio Xurídico), de luns a venres en horario de 9:30 a 13:30 horas ata o día en que finalice o prazo de presentación de proposicións.*

Calquera dúbida que os licitadores teñan en relación a esta contratación será dirixida e resolta a través das seguintes direccións de correo electrónico:



Concello de Cangas

- apoioxuridico@cangas.gal : dúbidas relacionadas co procedemento administrativo de licitación
- ofitec@cangas.gal : dúbidas relativas a cuestións técnicas.

II.- PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 10ª.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Este contrato adxudicarase mediante **procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, oferta economicamente máis vantaxosa**, de acordo co disposto nos artigos 138.2, 157 e 161.2 do TRLCSP. O órgano de contratación deberá publicar un anuncio de licitación na forma prevista no artigo 142.1 –TRLCSP.

O órgano de contratación, no acorde que adopte para a aprobación do expediente de contratación, determinará a tramitación que se seguirá, podendo ser:

- Ordinaria, conforme o disposto no artigo 109-TRLCSP
- Urxente, segundo o previsto no artigo 112-TRLCSP; neste caso deberá constar no expediente a resolución pola que se declara e motiva esta clase de tramitación. A tramitación urxente suporá a redución de prazos na forma sinalada nos artigos 112 e 144 do TRLCSP.

CLÁUSULA 11ª.- PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

11.1.-PRAZO: O prazo para presentar ofertas será de **15 días naturais** (art. 159.2-TRLCSP), contados dende a data de publicación do anuncio de licitación no BOPPO.

11.2.- LUGAR: As proposicións dos licitadores presentaranse no Registro Xeral do Concello sito na Avda. Castelao n.º 2 de Cangas, en horario de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas.

As proposicións presentaranse unicamente no lugar indicado no parágrafo anterior, sen que sexa válida a presentación noutros rexistros ou dependencias municipais ou de outras Administracións Públicas (art. 80.2-RXLCAP).

Tamén poderán remitirse por correo; neste caso, de conformidade co sinalado no artigo 84-RXLCAP, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.304.850 a remisión da súa proposta. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Non obstante, transcorridos dez días naturais desde a indicada data, sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).

De acordo co establecido no artigo 145.3-TRLCSP, cada candidato non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.



Concello de Cangas

11.3.-FORMA DE PRESENTACIÓN: Os contratistas interesados na licitación deberán presentar **DOUS sobres pechados**, nos que se escribirá de forma lexible e visible, no exterior dos mesmos, os seguintes datos:

En cada un dos sobres, segundo corresponda:

- Sobre A: "Documentación Administrativa"
- Sobre B: "Oferta Económica"

Denominación do contrato: «OFERTA PARA PARTICIPAR NA LICITACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA A SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO CONCELLO DE CANGAS».

- Nome e apelidos do licitador, ou no seu caso, denominación social e nome e apelidos do representante que presenta a oferta.
- DNI ou NIF
- Enderezo, teléfono, fax e correo electrónico aos efectos de notificacións.
- Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, deberán facer constar o número de inscrición.

11.4.- DOCUMENTACIÓN: deberán incluír en cada sobre a seguinte documentación:

SOBRE «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA:

- Declaración responsable subscrita pola persoa que firme a proposición, de acordo co modelo que consta como Anexo I deste prego. Este modelo pode descargarse en formato .pdf editable na web do Concello de Cangas www.cangas.gal
- Copia do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso (ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros), da persoa que asine a oferta.
- Xustificante do pago da taxa por "proposicións para tomar parte en poxas, concursos, etc." regulada na Ordenanza Fiscal nº 16 aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 27.12.2013 e publicada no BOP nº 248 do día 30.12.2013. A cota tributaria ascende á cantidade de 7,28 € de acordo co cadro de tarifas recollido no artigo 6 apartado 5.1 da citada ordenanza. Os licitadores poderán solicitar a folla de liquidación desta taxa presencialmente na Tesourería municipal ou mediante correo electrónico dirixido ó enderezo tesoureria@cangas.gal.

SOBRE «B»: PROPOSICIÓN ECONÓMICA:

- A oferta económica, que deberá presentarse conforme ao modelo que consta no **Anexo II** deste prego.
- A documentación relativa aos criterios para resolver eventuais empates recollidos na cláusula 16ª deste prego.
- Os licitadores deberán indicar neste sobre a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome e perfil empresarial definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.



Concello de Cangas

CLÁUSULA 12ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Para a valoración das propostas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase ós seguintes criterios obxectivos avaliábeis mediante fórmulas:

SOBRE B "Oferta Económica"		
CRITERIOS OBXECTIVOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS		
A	Menor prezo ofertado	Ata 70 puntos
B	Menor prazo de entrega	Ata 20 puntos
C	Ampliación da garantía	Ata 10 puntos

A) Menor prezo ofertado: Ata 70 puntos

Neste apartado valorarase o menor prezo ofertado; a máxima puntuación outorgaráselle ao licitador que oferte un menor prezo; distribuíndose a puntuación ás restantes ofertas de xeito proporcional aplicando unha regra de tres inversa. O licitador que oferte o tipo de licitación sen propoñer rebaixa, outorgaráselle 0 puntos.

B) Menor prazo de entrega: Ata 20 puntos

Valorarase o menor prazo de entrega respecto ó establecido neste prego (40 días naturais), correspondendo a máxima puntuación á empresa que ofeza un menor prazo de entrega distribuíndose a puntuación ás restantes ofertas de xeito proporcional aplicando unha regra de tres inversa. O licitador que oferte un prazo de entrega de 40 días, outorgaráselle 0 puntos.

C) Ampliación da garantía: Ata 10 puntos

Valorarase a ampliación do prazo de garantía establecido no PPT, correspondendo a máxima puntuación á empresa que ofeza un maior prazo de entrega distribuíndose a puntuación ás restantes ofertas de xeito proporcional aplicando unha regra de tres simple. O licitador que non oferte ampliación do prazo de garantía outorgaráselle 0 puntos.

CLÁUSULA 13ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos achegados e procederá en acto público, á apertura de proposicións elevando a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación do contrato.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 8.02.2016, acordou constituír unha mesa de contratación permanente cuxa composición consta publicada no BOP nº 38 do día 25 de febreiro do 2016, así como no perfil do contratante do órgano de contratación e na Plataforma de Contratación do Estado.

CLÁUSULA 14ª.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE OFERTAS

A cualificación da documentación achegada no **Sobre A** efectuarase pola Mesa de Contratación en **acto non público** de acordo coas seguintes formalidades:

- O/a Presidente/a ordenará a apertura do sobre e a Secretaria certificará a relación de documentos que se inclúen no mesmo.
- Se a Mesa observase defectos ou omisións emendables comunicarao ós interesados por correo electrónico ou fax, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante, concedéndolle un prazo non superior a 3 días hábiles ós licitadores para que corrixa ou emenden os erros ante a propia mesa de contratación. O cómputo do citado prazo iniciarase no momento en que o licitador reciba a comunicación.



Concello de Cangas

- *Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións de que adoeceía, a Mesa declarará expresamente os licitadores admitidos e os rexeitados con indicación das causas de rexeitamento, circunstancia que se notificará ós licitadores rexeitados aos efectos oportunos.*

A apertura do Sobre B "Oferta económica",

A Mesa reunirse no lugar, data e hora que se sinalará no perfil do contratante. Neste acto público, ao que poderán asistir os licitadores que o consideren oportuno, procederase á apertura das ofertas económicas achegadas polos licitadores, aplicando as fórmulas establecidas na cláusula 12ª deste prego.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variara substancialmente o modelo establecido (Anexo III) ou comportase error manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola Mesa en resolución motivada.

A Mesa clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar a dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes. A clasificación realizada remitirase ao Órgano de contratación con proposta de adxudicación a favor do contratista que presentara o oferta economicamente máis vantaxosa e incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos.

A dita proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ó Concello (art. 160.2 TRLCSP). O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste PCAP.

CLÁUSULA 15ª.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Para determinar o carácter desproporcionado ou anormal do prezo ofertado, atenderase ao disposto no artigo 85-RXLCAP, considerando temerarias aquelas ofertas que se atopen nos supostos indicados nese artigo.

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta analizarase á vista dos informes que sobre este extremo, poidan emitir os técnicos municipais. Antes da emisión deste informe solicitarase da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta no prazo de 3 días hábiles, xustificación que deberá emitirse nos termos sinalados no artigo 152.3-TRLCSPE e sobre a que, necesariamente se pronunciarán os informes técnicos. Respecto ás melloras ofertadas, atenderase á posibilidade técnica de execución das mesmas co orzamento económico que se oferta, tendo en conta para elo os cálculos de custes (de persoal e materiais) correntes no mercado, e as explicacións que puidera dar o licitador incurso nesta presunción de temeridade. Á vista das explicacións do licitador e do informe técnico, determinarase si a oferta poderá ser cumprida ou non.

A Mesa de Contratación, de acordo co artigo 22.1.f) do RD 817/2009, tramitará o procedemento sinalado e efectuará proposta de declaración como anormal ou



Concello de Cangas

desproporcionada, correspondendo esta declaración como tal, e a súa exclusión da licitación, ao órgano de contratación no momento de realizar a adxudicación, de conformidade co artigo 152.4-TRLCSF.

CLÁUSULA 16ª.- CRITERIOS PARA RESOLVER EVENTUAIS EMPATES

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, este empate resolverase de acordo coa seguinte orde de preferencia:

- *En primeiro lugar, será de aplicación o disposto no artigo 142.4 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia,segundo o cal "as cooperativas terán dereito preferente nos casos de empate nos concursos e poxas en que participen, convocados polas administracións públicas galegas e entes dependentes das mesmas, para a realización de obras, servizos e subministracións.*

- *En segundo lugar,a empresa que teña implantado un plan de igualdade ou obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de acordo co disposto no artigo 67.4 do Decreto lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal "As empresas que implantasen un plan de igualdade terán preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando as proposicións presentadas igualem nos seus termos as máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación. Para eses efectos, os órganos de contratación advertirán desa preferencia nos pregos de cláusulas administrativas particulares, aínda que a ausencia de advertencia non privará do dereito á preferencia na adxudicación, sen prexuízo das responsabilidades en que se puidese incurrir. Se a empresa fixese uso desta preferencia, estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación, que, de o contrato resultar de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal", e no artigo 75.c do mesmo texto legal, que literalmente dispón que "A obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade permitirá beneficiarse, sen prexuízo doutras axudas públicas establecidas regulamentariamente, dos seguintes dereitos e facultades no ano natural seguinte á súa obtención: c) A preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando as proposicións presentadas igualem nos seus termos as máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación".*

- *En terceiro lugar, a empresa que acredite contar no seu cadro de persoal cunha porcentaxe superior ao 2% de traballadores con discapacidade. A porcentaxe de traballadores fixos discapacitados deberá manterse durante o tempo que dure a execución do contrato, ou se é o caso, durante o prazo de garantía, se a execución non se realizase en tracto sucesivo. O incumprimento de tal condición será causa de resolución do contrato. Se varias empresas licitadoras das que houberan empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade entre o seu persoal (Apartado 2 da Disposición Adicional Cuarta do TRLCSF).*

- *En cuarto lugar,terán preferencia as proposicións presentadas polas empresas de inserción reguladas na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, que cumpran cos requisitos establecidos na dita normativa para ter esta consideración (Apartado 3 da Disposición Adicional Cuarta do TRLCSF).*



Concello de Cangas

- *Por último, en caso de que aplicando os criterios anteriores se manteña o empate, convocarase aos licitadores para realizar un sorteo ao azar.*

CLÁUSULA 17ª- REQUIRIMENTO PREVIO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Recibida a proposta de adxudicación realizada pola Mesa de Contratación, o órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

En todo caso, o órgano de contratación requirirá á empresa coa oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

17.1.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS:

De conformidade co disposto no artigo 146-TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, do 27 de setembro de apoio ao emprendedor) deberá presentar:

17.1.A).- Documentación acreditativa da capacidade de obrar:

- *Empresario individual: copia compulsada do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros.*
- *Persoas xurídicas:*
 - *Copia da tarxeta do Número de Identificación Fiscal (NIF), debidamente compulsada.*
 - *Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible, achegarase escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.*
- *Empresas comunitarias: A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas ou mediante a presentación das certificacións que se indican no apartado 2 do anexo I do RXLCAP (artigo 9-RXLCAP).*
- *Resto de empresas estranxeiras: Os empresarios estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar previa acreditación por parte da empresa, que figura inscrita no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.*

Ademais deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no RXLCAP.



Concello de Cangas

- Disposición común a empresas estranxeiras, comunitarias e non comunitarias: declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois. As empresas estranxeiras deberá presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante (artigo 146.1.d -TRLCSF).
- Unións Temporais de Empresas: no caso de concorreren á licitación varias empresas constituíndo unha unión temporal, cada unha de elas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriben a proposición, participación de cada unha de elas designando a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ha de desempeñar a representación da UTE ante a Administración, e compromiso de constituírse formalmente en UTE en caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59-TRLCSF.

17.1.B) Documentos acreditativos da representación: se o asinante da proposición actúa en calidade de representante do licitador deberá achegar copia compulsada notarial ou administrativamente da escritura de poder de representación, ou no seu caso, das escrituras notariais de constituicións ou modificación estatutarias ou elevación dea cordos sociais, onde conste que está habilitado para concorrer á celebración de contratos coas Administracións Públicas.

17.1.C) Bastanteo de poderes: as escrituras ás que se refire o apartado anterior deberán presentarse debidamente bastanteadas pola Secretaria Xeral da Corporación ou fedatario público, cunha antigüidade non superior a 6 meses. O bastanteo de documentos pola Secretaria Xeral está sometido ó pago da taxa por "diligencia de verificación da suficiencia de poderes que teña que producir efectos nas oficinas municipais" regulada na Ordenanza Fiscal nº 16 aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 27.12.2013 e publicada no BOP nº 248 do día 30.12.2013. A cota tributaria ascende á cantidade de 7,28 € de acordo co cadro de tarifas recollido no artigo 6 (apartado 6.1) da citada ordenanza.

17.1.D) Documentación acreditativa da solvencia: documentación acreditativa da solvencia económica e financeira de acordo co disposto na cláusula 8.1 deste prego e documentación acreditativa da solvencia técnica de acordo co disposto na cláusula 8.2 deste prego.

17.1.E) Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE): orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

17.1.F) Rexistro de contratistas: de acordo co disposto no artigo 83-TRLCSF, a documentación relacionada anteriormente poderá substituírse pola presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (D.O.G. n.º 200 do 16 de outubro de 2001), sempre e cando o dito certificado inclúa os anteditos datos, e debedo acompañar á dita certificación dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias contidas na certificación presentada non variaron(art.146.3-TRLCSF).



Concello de Cangas

En todo caso, os licitadores que presenten esta certificación deberán presentar ademais do certificado, unha fotocopia compulsada do DNI da persoa que presenta a oferta.

17.2.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:

De conformidade co disposto no artigo 151.2-TRLCSPP deberá presentar:

- *Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais, autonómica e local) e coa Seguridade Social.*
- *Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación por calquera dos medios a que se refire o artigo 96-TRLCSPP.*
- *Xustificante do pagamento do importe do anuncio de licitación.*

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no presente prego. A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indícarase o prazo no que debe formalizarse o contrato conforme ao artigo 153-TRLCSPP.

CLÁUSULA 18ª.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

18.1.- ADXUDICACIÓN:

Recibida a documentación requirida, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación (art. 151.3-TRLCSPP). A adxudicación acordarase en resolución motivada que deberá notificarse aos licitadores e simultaneamente publicarase no Perfil de Contratante do órgano de contratación indicando o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ó artigo 156.3 (art. 151.4-TRLCSPP).

A notificación deberá conter en todo caso a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra o acordo de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- *En relación aos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.*
- *Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.*
- *En todo caso o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición que foran determinantes para resultar seleccionada por diante das demais.*

A notificación farase por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores tiveran indicado na súa proposición.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren neste prego.



Concello de Cangas

18.2.- FORMALIZACIÓN:

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato deberá efectuarse dentro dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4-TRL CSP.

Cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, sendo trámite preciso a audiencia do interesado e cando se formule oposición polo contratista, o informe do Consello Consultivo de Galicia. En tal suposto procederá a incautación da garantía e a indemnización dos danos e perdas ocasionados.

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 19ª.- EXECUCIÓN E RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA

O contratista executará o contrato con estrita suxeición ás cláusulas do mesmo, do PCAP do PPT, e de acordo coas instrucións que para a súa execución dera a Administración ó contratista. O contratista será responsable da calidade da prestación e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, ou métodos inadecuados.

CLÁUSULA 20ª.- PAGO DO PREZO

O pagamento á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación da correspondente factura que poderá emitir unha vez entregado ao Concello o material obxecto da subministración e estea asinada a correspondente acta de recepción onde consta a conformidade co material recibido.

As facturas por importe superior a 5.000 € deberán ser presentadas en formato electrónico.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, ao que se encontra adherido o Concello de Cangas son:

<i>Unidade tramitadora:....L01360084 INTERVENCIÓN</i>
<i>Oficina Contable:.....L01360084 INTERVENCIÓN</i>
<i>Órgano xestor:.....L01360084 ALCALDE/XUNTA DE GOBERNO</i>

De acordo co disposto no artigo 216.4-TRL CSP o Concello ten a obriga de abonar o prezo dentro dos 30 días seguintes á data de expedición dos documentos que acrediten a realización total ou parcial do servizo. A demora no prazo superior ao establecido legalmente xerará a favor do contratista os xuros de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.



Concello de Cangas

Non obstante, se a factura contén algún erro ou omisión ou non fora presentada debidamente, o prazo para esixir os xuros de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que conteña a factura e sexa presentada no Concello outra vez.

CLÁUSULA 21ª.- OBRIGAS E DEBERES DO ADXUDICATARIO

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que o órgano de contratación lle dea ao contratista para a súa interpretación. O contratista será responsable da calidade do material subministrado, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato. Ademais, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

21ª.1.- Cumprir co prazo, forma e lugar de entrega

O adxudicatario deberá entregar os bens no lugar indicado no PPT, ou no seu defecto onde lle indique o responsable do contrato nomeado polo Concello. Os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ao lugar convído serán de conta do contratista.

*O adxudicatario deberá entregar o material obxecto da subministración nun prazo máximo de **40 días naturais ou aquel ao que se comprometera na súa oferta**, computados desde a data de formalización do contrato en documento administrativo. A mora do adxudicatario non requirirá a previa intimación pola Administración. O adxudicatario non terá dereito á indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados ós bens antes da súa entrega ó Concello.*

21ª.2.- Bens de calidade defectuosa

O adxudicatario responderá da calidade do ben subministrado e das faltas que houbese. Cando a máquina ou material non se atope en condicións para súa utilización ou se observaran defectos no funcionamento, farase constar así na acta de recepción para que o adxudicatario emende os defectos observados ou proceda a unha nova subministración, sen prexuízo da tramitación do expediente de imposición de penalidades administrativas ou de resolución do contrato.

21ª.3.- Cumprimento da normativa laboral e de Seguridade Social

Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

21ª.4.- Outros deberes

- O contratista está obrigado a adscribir ou dedicar á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes (artigo 64.2-TRLCSP).

- O adxudicatario non terá dereito á indemnización por causa de perdas, avarías ou danos ocasionados nos bens antes da súa entrega ó Concello, salvo que este incorrera en mora ó recibilos.

CLÁUSULA 22ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

De conformidade co artigo 105-TRLCSP, sen prexuízo dos supostos previstos na devandita normativa para os casos sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución, os contratos do sector público só poderán modificarse



Concello de Cangas

cando así se previse nos pregos de condicións ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

Cando como consecuencia das modificacións do contrato de subministración acordadas conforme ao establecido no artigo 219 e no título V do libro I, se produza aumento, redución ou supresión das unidades de bens que integran a subministración ou a substitución de uns bens por outros, sempre que os mesmos estean comprendidos no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña dereito algún en caso de supresión ou redución de unidades ou clases de bens, a reclamar indemnización polas anteditas causas.

CLÁUSULA 23ª.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

23ª.1.- CESIÓN DO CONTRATO: procederá a cesión do contrato de conformidade co disposto no artigo 226-TRLCSF. O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a autorización expresa da cesión polo órgano de contratación. A non constitución da garantía dentro do dito prazo poderá dar lugar á resolución do contrato.

23ª.2.- SUBCONTRATACIÓN: a contratación con terceiros da realización parcial do contrato estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227-TRLCSF.

CLÁUSULA 24ª.- SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA

A sucesión da empresa autorizarase nos supostos previstos no artigo 85-TRLCSF. Se non puidese producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias resolverase o contrato, considerándose a todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

CLÁUSULA 25ª.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son causas de resolución as sinaladas nos artigos 223 e 299 do TRLCSF cos efectos previstos no 225 e 300 DO MESMO TEXTO LEGAL. Acordarase a resolución do contrato, no caso de que proceda, polo órgano de contratación previo informe xurídico emitido para ó efecto e audiencia do contratista, efectuándose a liquidación que proceda, e tramitándose de conformidade co procedemento recollido no artigo 109 RXLCAP.

Son causas específicas de resolución do contrato de subministración, as sinaladas no artigo 299-TRLCSF:

- A) A suspensión, por causa imputable á Administración, da iniciación da subministración por prazo superior a 6 meses a partir da data sinalada no contrato para a entrega, salvo que no prego se sinale outro menor.*
- B) O desistimento ou a supresión da subministración por un prazo superior ao ano acordada polo Concello, salvo que no prego se sinale outro menor.*

CLÁUSULA 26ª.- PRAZO DE GARANTÍA E LIQUIDACIÓN DO CONTRATO

O prazo de garantía, que deberá constar na acta de recepción do material subministrado, estenderase ao período de tempo establecido no PPT ou a aquel que ofertase o licitador, e non será devolta ou cancelada ata que transcorra UN MES dende a finalización de tal prazo. Vencido o prazo de duración e cumpridas as obrigas derivadas da mesma, se non resultasen responsabilidades devolverase a garantía constituída ou cancelarse o aval ou seguro de caución.



Concello de Cangas

A garantía definitiva responderá dos seguintes conceptos:

- *Das penalidades impostas ao/á contratista conforme o artigo 212 do TRLCSP.*
- *Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración pola demora do contratista no cumprimento das súas obrigas e dos danos e prexuízos ocasionados ao Concello con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.*
- *Da incautación que poida decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co establecido no TRLCSP.*

En caso de que se fagan efectivas penalidades ou indemnizacións esixibles á adxudicatario sobre a garantía, esta deberá repoñer ou ampliar aquela na contía que corresponda no prazo de 15 días desde a execución, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

IV.- OUTRAS DISPOSICIÓNS

CLÁUSULA 27ª.-GASTOS ESIXIBLES

Serán por conta do adxudicatario os gastos que orixine a publicación dos anuncios de licitación, tanto nos correspondentes boletíns oficiais como, no seu caso na prensa, sen que poida imputárselle ao Concello de Cangas ningún pago por tal concepto, e sen que estes gastos superen os mil (1.000) euros.

CLÁUSULA 28ª.- RESPONSABLE DO CONTRATO

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato, vinculada ao Concello de Cangas, á que lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación contratada.

A designación ou non desta persoa, non eximirá ao contratista da correcta execución do obxecto do contrato, salvo que as deficiencias sexan debidas a ordes directas desta, con expresa reserva escrita por parte do contratista dirixida tanto ao propio responsable do contrato como ao órgano de contratación.

CLÁUSULA 29ª.- XURISDICIÓN COMPETENTE

As cuestións litixiosas que xurdan sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa deixando aberta a vía xurisdiccional contencioso-administrativa segundo o disposto na lei reguladora da dita xurisdicción.



Concello de Cangas

ANEXO II

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

«Don/Dona _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con NIF n.º _____, en relación á licitación para a contratación da "SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA A SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO CONCELLO DE CANGAS" declaro que coñezo os pregos administrativo e técnico que rexen este contrato e que os acepto integramente, comprometéndome a executar o obxecto do contrato con estrita suxeición aos mesmos e demais documentación que integra o expediente.

En consecuencia achego a seguinte OFERTA ECONÓMICA:

Descrición	Unidades	Prezo Ud.	Importe
Luminaria Pescador Vial BC Confort de 35 W	33		
Luminaria Pescador Vial BC Confort de 55 W	28		
Luminaria Pescador Vial BC Confort de 100 W	35		
Importe			
21% IVE			
Total			

- Prezo total _____ (en número e letra)
- Prezo de entrega _____ (en días naturais)
- Prezo de Garantía _____ (prazo total de garantía)

Cangas, de de 2016

Asdo.: _____
(sinatura e selo da empresa)

ANEXO III

MODELO DE AVAL

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA

A (nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impoñe/n a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), ante o Concello de Cangas, por importe de: (en letra e en cifra).



Concello de Cangas

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Cangas, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Cangas ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para elo autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)

El licitador (firmado y rubricado)

ANEXO IV

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1.- PODER ADXUDICADOR	
a) Administración contratante	Concello de Cangas
b) Órgano de contratación	Xunta de Goberno Local
c) Dependencia tramitadora	Secretaría
d) Área delegada	Concellería de Obras e Servizos
e) Enderezo do órgano de contratación	Avenida de Castelao nº 2 36940 Cangas Pontevedra
f) Teléfono	986.300.050
g) Fax	986.304.850
h) Correo electrónico	apoioxuridico@cangas.gal
i) Perfil de Contratante	www.contrataciondelestado.es www.cangas.gal

2.- DEFINICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO	
a) Obxecto	Subministración de material para a substitución de luminarias LED nas no Paseo de Castelao, Avenida Eugenio Sequeiros e Avenida Montero Ríos.
b) Tipo	Contrato administrativo de subministración
c) Código CPV: 34928530-2	Lámpadas de alumeado público
d) Necesidades administrativas a satisfacer	Reducir os custes de consumo de enerxía eléctrica así como conseguir un uso racional e eficiente da enerxía consumida



Concello de Cangas

3.- CARACTERÍSTICAS DO MATERIAL OBXECTO DE SUBMINISTRACIÓN			
Descrición	Unidades	Prezo Ud.	Importe
Luminaria Pescador Vial BC Confort de 35 W	33	364,91 €	12.042,03 €
Luminaria Pescador Vial BC Confort de 55 W	28	376,03 €	10.528,84 €
Luminaria Pescador Vial BC Confort de 100 W	35	535,65 €	18.747,75 €
Importe			41.318,62 €
21% IVE			8.676,91 €
Total			49.995,53 €

4.- PREZO DO CONTRATO				
a) Importe neto	41.318,62 €	Corenta e un mil trescentos dezaioito euros con setenta e oito céntimos		
b) IVE	8.676,91 €	Oito mil seiscentos setenta e seis euros con noventa e catro céntimos		
c) Prezo total	49.995,53 €	Corenta e nove mil novecentos noventa e cinco con setenta e dous céntimos		
O tipo de licitación é mellorable á baixa polos licitadores				
d) Valor estimado	41.318,62 €	Corenta e un mil trescentos dezaioito euros con setenta e oito céntimos		
e) Anualidades	Non			
f) Aplicación orzamentaria	165.639	h) Garantías	Provisional: non	Complementaria: non
g) Revisión de prezos	Non	Definitiva: 5% do prezo de adxudicación IVE excluído		

5.- PRAZO E LUGAR DE EXECUCIÓN	
a) Prazo de execución	Máximo 40 días naturais
b) Prórroga	Non
e) Lugar de execución e entrega	Concello de Cangas

6.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN		
a) Procedemento	aberto	
b) Tramitación	ordinaria	
c) Criterios de adxudicación	Varios (Cláusula 12ª-PCAP)	Puntuación: 100 puntos
Criterios obxectivos avaliáveis mediante fórmulas	Menor Prezo Ofertado	Ata 70 puntos
	Menor prazo de entrega	Ata 20 puntos
	Ampliación prazo de garantía	Ata 10 puntos
d) Criterios de desempate	Cláusula 16ª-PCAP	
e) Anuncios de licitación	BOP e Perfil de Contratante	



Concello de Cangas

7.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS	
<i>a) Documentación</i>	<i>Presentarase en DOUS sobres pechados (Cláusula 11ª-PCAP)</i>
<i>Sobre A</i>	<ul style="list-style-type: none">➤ <i>Declaración responsable segundo o modelo do Anexo I</i>➤ <i>Copia do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso (ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros), da persoa que asine a oferta.</i>➤ <i>Xustificante do pago da taxa por "proposicións para tomar parte en subastas, concursos, etc"</i>
<i>Sobre B</i>	<ul style="list-style-type: none">➤ <i>A oferta económica conforme ao modelo que consta no Anexo II</i>➤ <i>A documentación relativa aos criterios para resolver eventuais empates recollidos na cláusula 16ª deste prego.</i>➤ <i>Declaración relativa á subcontratación.</i>
<i>b) Lugar</i>	<ul style="list-style-type: none">➤ <i>Rexistro Xeral do Concello de Cangas</i>➤ <i>Mediante correo postal (con aviso mediante fax ao nº 986.304.850)</i>
<i>c) Prazo</i>	<i>15 días naturais contados dende o seguinte á publicación do anuncio de licitación no BOPPO</i>

ANEXO II

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA A SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO DE CASTELAO, AVENIDA DE EUGENIO SEQUEIROS E AVENIDA DE MONTERO RÍOS

CLÁUSULA 1ª.- Obxecto

CLÁUSULA 2ª.- Definicións

CLÁUSULA 3ª.- Marco legislativo e normativo

CLÁUSULA 4ª.- Características técnicas das luminarias a subministrar

CLÁUSULA 5.- Obrigas da empresa adxudicataria

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

O obxecto deste prego é establecer as características e condicións para a selección dun provedor para a subministración de diverso material destinado á substitución e renovación do alumeadado público existente no Paseo de Castelao, Avenida de Eugenio Sequeiros e na Avenida de Montero Ríos.

O obxectivo fundamental da referida subministración reducir os custes na facturación da enerxía eléctrica é conseguir un uso racional e eficiente da enerxía consumida nestas instalacións, reducir as emisións de CO2 á atmosfera e adaptar as ditas instalacións ás prescricións técnicas esixidas na normativa vixente, mantendo a infraestrutura actual nas zoas a intervir como son as columnas e brazos.



Concello de Cangas

CLÁUSULA 2ª.- DEFINICIÓNS

As características básicas dos elementos a subministrar, obxecto da actuación son as seguintes:

- **LUMINARIA:** aparato de alumado que reparte, filtra ou transforma, a luz emitida por unha ou varias lámpadas e que comprende todos os dispositivos necesarios para o soporte, a fixación, a protección das fontes de luz e, en caso necesario, os circuitos auxiliares en combinación cos medios de conexión coa rede de alimentación, así como os elementos que permitan a súa fixación a soportes, de forma que todo o conxunto cumpra coas especificacións marcadas na normativa vixente.

- **LED:** enténdese por LED (Light Emitting Diode) como un díodo composto pola superposición de varias capas de material semiconductor que emite luz nunha ou máis lonxitudes de onda (cores) cando é polarizado correctamente. Un díodo é un dispositivo que permite o paso da corrente nunha única dirección e o seu correspondente circuito eléctrico en cápsulas e nunha carcasa plástica, de resina epoxi ou cerámica segundo as diferentes tecnoloxías.
 - **Luminaria LED:** luminaria que incorpora a tecnoloxía LED como fonte de luz e que determina unhas condicións de funcionamento, rendemento, vida, etc, propias desta tecnoloxía.
 - **Módulo LED:** sistema comprendido por un ou varios LED individuais que pode incorporar outros elementos tales como circuitos impresos, disipadores térmicos, sistemas ópticos e conexións eléctricas. O seu deseño e características modificarán as calidades e garantías que o propio fabricante de LED individual ofrece, facendo así necesaria a súa certificación e probas de funcionamento na súa integración na luminaria e para a correcta aplicación das súas características.
 - **Sistema LED Retrofit:** elemento de tecnoloxía LED para a substitución directa de outras fontes de luz e equipos auxiliares asociados, que se realizan sen xustificación fotométrica, mecánica nin térmica do comportamento deste sistema onde se atopa aloxado (luminaria de instalación existente).
 - **Dispositivo de alimentación e control electrónico (DRIVER):** elemento auxiliar básico para regular o funcionamento dun sistema LED que adecúa a enerxía eléctrica de alimentación recibida pola luminaria aos parámetros esixidos para un correcto funcionamento do sistema.

CLÁUSULA 3ª.- MARCO LEXISLATIVO E NORMATIVO

Tendo en conta o obxecto do presente Prego de Condicións Técnicas, as luminarias de alumado exterior están sometidas á seguinte lexislación e normativa:

- **Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera,** que na súa Disposición Adicional Cuarta, insta ás administracións públicas, a que no ámbito das súas competencias, promovan a prevención e redución da contaminación lumínica. Así mesmo, habilita ás Comunidades Autónomas a desenvolver lexislación propia neste aspecto.



Concello de Cangas

- **Real Decreto 1890/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior e as súas instrucións técnicas complementarias EA-01 á EA-07, que expón unha serie de medidas principalmente desde a perspectiva do aforro enerxético, e para limitar o resplandor luminoso nocturno ou contaminación luminosa e reducir a luz intrusa ou molesta.**
- **As normas UNE.**
 - UNE-EN 60598-1
 - UNE-EN 60598-2-3
 - UNE-EN 62493
 - UNE-EN 62471-2009
 - UNE-EN 61000-3-2
 - UNE-EN 61000-3-3
 - UNE-EN 61547
 - UNE-EN 55015
 - UNE-EN 62031.
 - UNE-EN 61347-2-13
 - UNE-EN 62384.

Así mesmo, as luminarias de alumado exterior deben ter en conta:

- *As guías técnicas do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo*
- *O Desenvolvemento do Plan de Acción de Aforro e Eficiencia Enerxética 2011- 2020. O dito plan da continuidade aos plans de aforro e eficiencia enerxética anteriormente aprobados polo Goberno español no marco da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España 2004 -2012 (E4), aprobada en novembro de 2003.*

CLÁUSULA 4ª.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DAS LUMINARIAS A SUBMINISTRAR

As luminarias a subministrar serán da marca ATP modelo PESCADOR VIAL BC CONFORT equipadas con módulos de tecnoloxía LED e potencias de 35 W, 55 W e 100 Watios respectivamente en cor negro. O motivo de sinalar unha marca concreta de luminarias é debido a que son as únicas que se poderían instalar mantendo o modelo de columnas e brazos, e sen romper a estética das xa instaladas nas rúas da contorna.

Descrición	Unidades
Luminaria Pescador Vial BC Confort de 35 W	33
Luminaria Pescador Vial BC Confort de 55 W	28
Luminaria Pescador Vial BC Confort de 100 W	35

CLÁUSULA 5.- OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA

5.1.- ENTREGA DO MATERIAL

A empresa adxudicataria ten a obriga de efectuar o subministro das luminarias LED nas instalacións indicadas polo responsable do contrato que o órgano de contratación designará no acordo de adxudicación. Os custes do transporte das luminarias correrán por conta da empresa adxudicataria.



Concello de Cangas

O subministro executarase conforme aos seguintes criterios:

- *A entrega total das luminarias a subministrar, realizarase nun prazo máximo de 40 días desde a firma do contrato.*
- *O material debe ser subministrado en perfecto estado de conservación e uso, acorde coas especificacións técnicas descritas no presente prego. De non ser así, o responsable do contrato farao constar no albarán de entrega, comunicando a incidencia ao órgano de contratación.*
- *O Concello de Cangas dará as instrucións precisas á empresa adxudicataria para que proceda a un novo subministro conforme ao pactado.*

5.1.-GARANTÍA

*Establécese unha **garantía mínima de cinco anos** para o material subministrado, contra defecto de fabricación e/ou funcionamento (incluídos os causantes de incumprimento de normativa vixente para a luminaria LED), para calquera elemento ou material da instalación que provoque un fallo total ou unha perda de fluxo superior á prevista na proposta (factor de mantemento e vida útil), garantindo as prestacións luminosas dos produtos. Estas garantías basearanse nun uso de 4.100 horas/ano para unha temperatura ambiente inferior a 35°C en horario nocturno e non diminuírá polo uso de controis e sistemas de regulación.*

Os aspectos principais a cubrir pola garantía son:

- *Fallo da LED: considerarase fallo total da luminaria LED, cando polo menos unha porcentaxe do 10% dos LEDs totais que compoñen unha luminaria non funcionasen.*
- *Redución indebida do fluxo luminoso: a luminaria deberá manter o fluxo luminoso indicado na garantía.*
- *Fallo do sistema de alimentación: os drivers ou fontes de alimentación, deberán manter o seu funcionamento sen alteracións nas súas características, durante o prazo de cobertura da garantía.*
- *Os defectos mecánicos debidos a fallas de material, execución ou fabricación por parte do fabricante.*

Tódolos termos de garantía deben ser acordados entre o subministrador e o fabricante, considerándose necesario que todos os aspectos e compoñentes aos que afecte a mesma queden reflectidos e recollidos no documento de garantía.

Durante o período de garantía, a empresa adxudicataria estará obrigada co Concello de Cangas á substitución dos compoñentes danados ou defectuosos por causas imputables ao subministrador ou ao fabricante.

Finalizado o prazo de garantía sen que se producise incidencia algunha, a empresa adxudicataria quedará exenta de responsabilidade por razón do material subministrado."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación do expediente de contratación da subministración de material para



Concello de Cangas

a substitución de luminarias no Paseo de Castelao, Avenida de Eugenio Sequeiros e Avenida de Montero Ríos.

C) NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NO CONSELLO MUNICIPAL DE IGUALDADE

Visto o disposto no artigo 3 do Regulamento do Consello Municipal de Igualdade do Concello de Cangas, publicado no BOP nº 73, de data do 18 de abril de 2016, que establece que formarán parte do mesmo un/unha representante de cada partido político con representación no Pleno Municipal.

Para os efectos de poder convocar a sesión constitutiva do Consello Municipal de Igualdade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA nomear como representantes no Consello Municipal de Igualdade do Concello de Cangas ás seguintes persoas:

- M.A.P.G., en representación de Alternativa Canguesa de Esquerdas.
- C.S.S., en representación do Bloque Nacionalista Galego.
- R.P.C. en representación de Asemblea pola Unidade.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente